

Programa de emprego con apoio como medida de fomento de emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo (TR341L)

Praza Presentación: O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia. (Para o ano 2016 o prazo remata o día 30 de xaneiro de 2016) - Data Fin Prazo: 30/01/16

- **Data publicación**

30/12/15

- **Corpo**

Obxecto

Subvencionar ás entidades promotoras de proxectos de emprego con apoio para financiar os custos laborais e de Seguridade Social dos preparadores e das preparadoras laborais contratados para levar a cabo as accións de apoio ás persoas con discapacidade severa e con maiores dificultades de inserción laboral en empresas do mercado ordinario de traballo de Galicia.

Promotores de proxectos de emprego con apoio e entidades beneficiarias

As asociacións, fundacións e outras entidades sen ánimo de lucro, centros especiais de emprego e empresas do mercado ordinario de traballo, incluídos traballadores autónomos, que contén no seu cadro de persoal con preparadores e preparadoras laborais especializados/as ou se comprometan a incorporalos e que dispoñan dos recursos materiais necesarios que garantan un desenvolvemento idóneo dos programas de emprego con apoio.

Tipos de subvencións e contías

Subvencións destinadas a financiar os custos salariais e da Seguridade Social que se xeren durante o período de desenvolvemento do proxecto de emprego con apoio, derivados da contratación de preparadores e preparadoras laborais polas entidades promotoras de emprego con apoio.

A contía das subvencións establécese en función do número de persoas traballadoras con discapacidade contratadas por unha empresa do mercado ordinario, calquera que sexa a duración do mesmo, correspondendo:

- 6.600 € anuais por cada persoa traballadora con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.
- 4.000 € anuais por cada persoa traballadora con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% e inferior ao 65%.
- 2.500 € anuais por cada persoa traballadora con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65% e persoas xordas e con discapacidade auditiva, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%.

Estas subvencións reduciranse proporcionalmente en función da duración do contrato de cada persoas traballadora con discapacidade así como en función da duración da xornada no suposto

de que o contrato sexa a tempo parcial.

Tendo en conta a posible adecuación dos proxectos de emprego con apoio á dispersión do tecido produtivo galego, subvenciónanse os custos de desprazamento cando un mesmo preparador ou preparadora laboral teña que prestar apoios a persoas con discapacidade en centros de traballo ou empresas de distintos concellos.

Procedemento de concesión

As subvencións concederanse polo procedemento de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración establecidos no artigo 39 do capítulo III da orde de convocatoria.

Prazo de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia. (Para o ano 2016 o prazo remata o día 30 de xaneiro de 2016).

Orde de convocatoria

Orde do 29 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de promoción da integración laboral das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, e do Programa de emprego con apoio, como medida de fomento do emprego de persoas con discapacidade no mercado ordinario de traballo, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016 (DOG N° 248, do 30 de decembro de 2015).

- **Estado:**

En prazo

Documentos relacionados

- [Orde do 29 de decembro de 2015](#)

Ligazóns relacionadas

- [Sede electrónica](#)